

## PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL”

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

### Prazas e destinos

Ofértanse un total de **540** prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 280 prazas na Residencia de Tempo Libre do **Carballiño** (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de **A Coruña e Lugo**.
- 260 prazas na Residencia de Tempo Libre de **Panxón**, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes da provincia de **Pontevedra e Ourense**.

### Datas e servizos

Este programa levarase a cabo entre o **día 23 de decembro de 2022 e o día 7 de xaneiro de 2023 en dúas quendas de 8 días cada unha (7 noites)**.

A primeira quenda efectuarase no período comprendido **entre o 23 e o 30 de decembro** e a segunda entre **o 31 de decembro e o 7 de xaneiro**.

O programa comprende os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en **habitacións compartidas** e manutención en réxime de pensión completa. O aloxamento en cuartos individuais terá carácter EXCEPCIONAL, require que a necesidade figure debidamente acreditada na documentación que acompaña a solicitude ou de selo caso mediante informe médico e, en todo caso, estará suxeita á dispoñibilidade e condicións establecidas no centro.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

A saída dende os puntos de orixe establecidos realizarase o día **23 de decembro pola tarde** e o regreso o día **30 de decembro pola mañá** na primeira quenda, e o **31 de decembro pola mañá** e o **regreso o 7 de xaneiro pola mañá** na segunda quenda

### Persoas beneficiarias:

- a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroado nalgún concello galego.
- c) Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia

durante o transcurso da estada.

Para a selección dos participantes daráselle **preferencia** ás persoas que:

- Perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos anos.
- Teñan máis idade
- Teñan un menor nivel de ingresos económicos
- Non participaran no Programa Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.

Poderanse excluir aquelas persoas que participaran neste programa en anos anteriores e non se adaptaran as normas de convivencia establecidas, aínda que obteñan unha puntuación que lles permita o acceso o programa

### **Solicitudes:**

As solicitudes, acompañadas do informe social e da declaración responsable, formularase nos modelos establecidos ao efecto e estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa que corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/xuntos-polo-nadal-2022>

### **Prazo e lugares de presentación de solicitudes:**

**Ata o día 28 de novembro de 2022 (incluído)**

As solicitudes poderanse presentar nos servizos sociais comunitarios dos concellos, nos departamentos de traballo social dos centros de saúde ou hospitais, nas xefaturas territoriais ou centros sociocomunitarios dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude; ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

### **Prezo da praza:**

As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.

Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos adxudicatarios ata o lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

### **Documentación:**

As persoas ás que se lle adxudique praza terán que confirmar a súa asistencia e, no momento de incorporarse ao programa, ir provistas de:

- DNI ou pasaporte en vigor.
- Informe médico actualizado no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade

que requira de algunha atención especial (control sanitario, tratamento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, habitación individual ...etc). De non levar a acreditación da necesidade, non se lle prestará ningún tipo de atención especial.

- Tarxeta sanitaria, medicación habitual necesaria e/ou accesorios para o transcurso da estada.
- Roupa cómoda.

**Para mas información** poden consultar a páxina web da Consellería de Política Social e Xuventude <https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/xuntos-polo-nadal-2022> ou dirixirse a:

- **A Consellería de Política Social e Xuventude**

Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Tlfno: 981 547437/ 881 995993

Correo electrónico: [subxeaiss.politicassocial@xunta.gal](mailto:subxeaiss.politicassocial@xunta.gal)

**O Teléfono Social: 900 333 666** (gratuíto).

- **As Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude**

Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 **A Coruña**.

Teléfono: 881881528

Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 **Lugo**

Teléfono: 982294051

Rúa Saenz Díez 33. 22071 Ourense

Teléfono: 988386199

Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 **Vigo**

Teléfono: 986817214

- **Os Centros Sociocomunitarios** da Consellería de Política Social e Xuventude

- **Os servizos sociais comunitarios dos concellos e os departamentos de servizos sociais de atención primaria e de atención especializada de saúde ou dos hospitais.**

